




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 RRB	Documento 21115I00FZ	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/1337/2021 22/02/2021
Código de verificación  054J 6H67 0O5J 0W3C 18LT	Expediente 211/2021/27	
	Fecha 04-02-2021	

Visto o informe proposta que antecede e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, resolvín

### DECRETO

Aprobar as Bases da convocatoria para calendarizar as competicións ou eventos deportivos que se vaian a celebrar nas instalacións deportivas municipais ou na rúa durante o ano 2021, dependendo sempre da situación sanitaria e o estrito cumprimento das normas que establezan as autoridades sanitarias e os protocolos de prevención Covid19 fixados polas respectivas federacións de ámbito estatal e autonómico para cada unha das modalidades deportivas, que achéganse como Anexo ao presente Decreto formando parte del.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Alcaldesa p.d.  
A Concelleira de Deportes  
Decreto 3846/2019 (BOP 3/07/19)



## ANEXO

### **BASES PARA APROBAR UN CALENDARIO OFICIAL DE COMPETICIÓN E EVENTOS DEPORTIVOS QUE SE DESARROLARÁN NA RÚA OU EN INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2021**

#### **1. OBXECTO**

O Concello da Coruña, Concellaría de Deportes, pretende confeccionar e aprobar provisionalmente un Calendario Oficial de competición e eventos deportivos para se desenvolveren na cidade da Coruña co fin de realizar unha previsión e difusión axeitada das competicións e eventos deportivos que sexa posíbel desenvolver no 2021, dependendo sempre da situación sanitaria e do estrito cumprimento das normas que establezan as autoridades sanitarias e os protocolos de prevención COVID-19 fixados polas respectivas federacións de ámbito estatal e autonómico para cada unha das modalidades deportivas.

Para elaborar o dito calendario necesita coñecer as planificacións dos eventos deportivos por parte dos clubs e entidades privadas.

Coa aprobación deste calendario conseguirase planificar cunha antelación suficiente a actividade deportiva da cidade, de tal maneira que se distribúa debidamente no tempo e que se poida autorizar a realización das ditas actividades coa antelación suficiente.

No Calendario Oficial **incluírase programación propia do Servizo de Deportes e actividades privadas que requiren autorización previa para a súa realización**, ben porque se desenvolven na rúa ou ben porque se nos vai solicitar o uso dalgunha instalación deportiva municipal.

En ningún caso a inclusión dos eventos deportivos no Calendario Oficial dará lugar á cesión gratuíta dos espazos para o seu desenvolvemento nin implicará ningún tipo de colaboración económica por parte do Servizo de Deportes.

A inclusión no Calendario Oficial ratifica o interese da Concellaría de Deportes pola organización da competición ou evento deportivo.

Do mesmo xeito, a Concellaría de Deporte pode decidir que competición ou evento non é de interese para o concello, o cal debe ser motivado.

Correspóndelle ao Concello da Coruña, ao abeiro do establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a autorización dos eventos deportivos que se desenvolvan na cidade da Coruña, xa sexa en establecementos ou en espazos abertos ao público (dominio público).

De acordo coa dita lei, a autorización deste tipo de eventos pode estar sometida ou ben á presentación dunha declaración responsable ou ben a autorización mediante licenza.

**En ambos os casos, a confección e aprobación deste calendario supón adiantarse ao requirimento da documentación preceptiva para realizar a actividade. O Servizo de Deportes terá coñecemento do evento que se pretende organizar e poderá poñerse en**



contacto coas entidades no caso de que non presenten a documentación coa antelación suficiente para a súa tramitación.

A inclusión da actividade no calendario daralles aos promotores preferencia sobre outros solicitantes, pero non supón un compromiso firme para os promotores senón que se trata dunha mera previsión da ocupación de datas e espazos.

O calendario elaborárase para 2021.

Unha vez confirmada a inclusión do evento no Calendario Oficial, os promotores que desexen a colaboración do concello deberán participar na convocatoria pública de axudas económicas que se convoquen.

## **2. DEFINICIÓN DE COMPETICIÓN E EVENTO DEPORTIVO**

Para os efectos desta convocatoria enténdese por competición e evento deportivo o establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, de deporte de Galicia.

O artigo 18 da dita lei establece que as **competicións deportivas** que teñan lugar na Comunidade Autónoma de Galicia poden clasificarse en:

- a) Polo seu carácter: competicións oficiais ou competicións non oficiais
- b) Polo seu ámbito territorial: competicións locais, provinciais, interprovinciais, autonómicas, estatais e internacionais
- c) Pola súa organización: competicións federadas e non federadas
- d) Polo colectivo ao que se dirixen: competicións de deporte escolar e de deporte universitario, ademais doutras que poidan sinalarse de forma regulamentaria

O artigo 22 define os **eventos deportivos** como aquelas actividades deportivas organizadas á marxe das federacións deportivas e do resto de organizacións de competicións oficiais.

## **3. ACTIVIDADES EXCLUÍDAS**

Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as fases regulares das competicións xa fixadas ao inicio da tempada deportiva das respectivas federacións deportivas de cada modalidade, sen prexuízo de que o propio Servizo de Deportes as inclúa de oficio no calendario.

## **4. INTERESADOS**

A convocatoria está dirixida a asociacións, clubs, federacións, fundacións e demais entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas como tales e inscritas no rexistro correspondente.

## **5. DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR**

Os interesados en incluír o seu evento deportivo no Calendario Oficial aprobado pola Concellaría de Deportes deberán presentar por rexistro:

- Unha Memoria sobre a actividade que pretende desenvolver, onde constará a modalidade deportiva, a data prevista, o lugar e o número de participantes. No caso



de que se pretenda desenvolver no dominio público deberán achegar un pequeno plano indicativo da zona que pretenden ocupar.

No caso de que pretendan instalar algún tipo de estrutura deberán indicar de cales se trata e o tamaño, para os efectos de que se poida determinar se sería necesaria a concesión da oportuna licenza de actividade.

**A presentación desta memoria non supe a presentación da demais documentación requirida pola Lei 10/2017 para a realización do evento.**

- Unha Declaración responsable onde se poña de manifesto que se aceptan todas as condicións da presente convocatoria e de que os datos que se achegan son certos.

No caso de que a actividade poida dar lugar a algún tipo de contraprestación para os organizadores deberá declararse expresamente. Inclúese neste caso o feito de cobrar algún tipo de cota de inscrición.

**A presentación desta declaración non supe a presentación da Declaración responsable (modelo 056) que se terá que presentar no seu momento cando se queira organizar a actividade.**

## **6. PREFERENCIA NAS SOLICITUDES**

No suposto de que houbera un conflito coa data e o lugar para incluír un evento no Calendario Oficial, levaranse a cabo -sucesivamente e por esta orde- os seguintes trámites:

- 1º. Traslado ás entidades proponentes de que existe un conflito coa data ou lugar co fin de que modifiquen a súa solicitude para que poida ser viable.
- 2º. No suposto de que non accedesen á modificación, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios para determinar a preferencia:
  - a) A actividade competitiva oficial terá preferencia sobre o evento deportivo.
  - b) Dentro das actividades competitivas primarán as de categorías ou niveis superiores fronte ás inferiores.
  - c) Dentro da mesma categoría ou nivel de competición, primará a que teña un maior número de participantes e asistentes (para comprobar este dato no só se terá en conta a memoria senón tamén as/os asistentes ao mesmo evento no ano anterior).
  - d) Se se mantén a igualdade, daráselle preferencia á actividade que teña un maior número de edicións anteriores e, de ser necesario, terase en conta o número de edicións realizadas na cidade da Coruña.
  - e) Finalmente, faríase un sorteo se fose necesario.

## **7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo para presentar as solicitudes será ata o 30 de marzo e poderá prorrogarse se así o considera o Servizo municipal de Deportes.



A Concellaría de Deportes daralle toda a difusión posible a esta convocatoria para o coñecemento xeral.

## **8. DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES**

Por causas motivadas, como a orde pública, ou para evitar duplicidades na programación deportiva con actividades similares, o Servizo de Deportes pode desestimar determinadas solicitudes.

## **9. PETICIÓN DE ACLARACIÓN**

Durante a instrución que precede á confección do Calendario Oficial, o Servizo de Deportes poderalles requirir aos solicitantes as aclaracións e documentos que precise para valorar a súa proposta.

## **10. APROBACIÓN DO CALENDARIO OFICIAL**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes o Servizo de Deportes elaborará un calendario provisional que terá carácter anual.

Este calendario será publicado para os efectos de que as entidades que o consideren poidan facer as súas alegacións. O prazo para alegar será de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do calendario na páxina web.

Unha vez rematado prazo de alegacións, aprobarase o Calendario Oficial de competicións e eventos deportivos para o semestre que corresponda.

## **11. MODIFICACIÓN DO CALENDARIO**

A aprobación do calendario anual non implica que nun momento determinado, e por motivos en que así lle interese á Concellaría de Deportes, se poida incluír algún outro evento no calendario.

O Servizo de Deportes poderá modificar de xeito motivado o calendario de eventos deportivos cando fose preciso para executar unha actividade de promoción municipal. Nese caso daríaselles traslado previo aos interesados para que aleguen o que estimen conveniente na defensa dos seus intereses.